

MIRADAS PERIFÉRICAS.

O CINE ITALIANO DO SÉCULO XXI

FESTIVAL FREAKEMACINE

ROBERT GUÉDIGUIAN

FRANÇOIS CAILLAT.

CARTA BLANCA. UN CINE ATORMENTADO

FÓRA DE SERIE

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

XUNTA DE GALICIA

MIRADAS PERIFÉRICAS. O CINE ITALIANO DO SÉCULO XXI

En colaboración co Centro di Studi sul Cinema Italiano (CSCI), Filmoteca de Andalucía, Filmoteca de Albacete e Filmoteca Navarra.

Comisariado por Daniela Aronica e en colaboración con Luce Cinecittà, o CGAI ofrece unha nova indagación no cine italiano contemporáneo.

“Que realidades, que mundos interiores, que aspiracións representan as películas que se fan hoxe en día en Italia? Quen son os seus protagonistas? Que pensan? Cal é a situación da industria cinematográfica no país transalpino? Un ciclo de cine, se ben extenso e representativo como o que —un ano máis— o Centro di Studi sul Cinema Italiano de Barcelona organiza co CGAI, non pretende contestar interrogantes de tan amplo alcance. Pero si converterse en ocasión para se reencontrar cunha produción de calidade, que a distribución marxina sistematicamente das salas [...].

Á febleza da industria cinematográfica italiana responde, porén, a orixinalidade e profundidade das traxectorias de moitos autores coas súas apostas arriscadas (Guido Chiesa, Francesca Comencini, Giuseppe Piccioni). As imperfeccións, de as haber, tan só delatan que as súas obras son froito da intensa actividade de quen experimenta con escasos recursos e, a pesar diso, sabe chegar lonxe.

Atopámonos ante unha xeración de cineastas que deixaron hai tempo de se mirar o embigo para confrontarse coa realidade e pór, se couber, o dedo na chaga (*Gorbacióf, L'aria salata*); que sabe mirar con descarnada lucidez cara aos momentos traumáticos da Historia recente de Italia (*20 sigarette*) ou representar con inquietudes socioantropolóxicas o lado escuro das provincias e das periferias (*Sono stati loro, Alza la testa*) ou do individuo (*Giulia non esce la sera, Lo spazio bianco*).

Tamén destaca, neste novo cine italiano, a tendencia á hibridación xenérica con resultados vitais, tanto no plano do discurso como no plano máis propiamente visual, aquí representados pola ópera prima *Cosmonauta*, a *docu-fiction Sono stati loro* e o documental de *footage Bellissime*. Non mingua, finalmente, a querenza tan tipicamente italiana pola comedia (*La rivincita di natale*), iso si, renovada en fondo e forma(s).

Contan, todas estas películas, con actores que bordan interpretacións difíciles de esquecer: algúns de primeira magnitude (Toni Servillo, Margherita Buy, Sergio Castellitto, Fabrizio Bentivoglio, Sergio Rubini, Valerio Mastandrea, Valeria Golino), outros debutantes que hoxe xa teñen ás súas costas unha afortunada traxectoria (Giorgio Pasotti, Michela Cescon) e moitos non profesionais pero totalmente cómodos nos seus papeis. Olladas intensas que veñen das periferias do *Bel Paese* e que tratan de cruzar —en ocasións como esta— as de novos espectadores”.

Daniela Aronica, comisaria do ciclo.



FRANÇOIS CAILLAT. CARTA BLANCA. UN CINE ATORMENTADO

En colaboración coa Alianza Francesa da Coruña.

Retrospectiva acerca dun dos documentalistas máis destacados do cine francés, François Caillat, a quen se lle dedica un foco de catro películas, todas vinculadas con episodios acontecidos na rexión natal do realizador, a Lorena, acompañadas de cinco títulos —entre eles *Nostalgia de la luz* (2010) do lendario cineasta chileno Patricio Guzmán, autor de *La batalla de Chile*— que o realizador vincula á súa obra.

Interrogándose sobre as pegadas da memoria e explorando a inscrición do pasado na intimidade do cotián, a produción fílmica de François Caillat convoca como ningún as figuras da ausencia que poboan os seus relatos. Preséntanse tres das súas principais obras, que conforman unha sorte de triloxía en volta da memoria e a paisaxe: *La Quatrième génération* / [A cuarta xeración] (1997), *Trois soldats allemands* / [Tres soldados alemáns] (2001) e *L’Affaire Valérie* / [O caso Valérie] (2004).

A historia dunha familia de madeireiros da zona (*A cuarta xeración*), a aparición do cadáver dun soldado alemán (*Tres soldados alemáns*) e a desaparición dunha presunta asasina (*O caso Valérie*) son as ferramentas coas que Caillat escava a memoria rexional. En *Une jeunesse amoureuse* / [Unha mocidade amorosa] (2011), presentado en estado de *work in progress*, o realizador dá un paso máis e atinxe a memoria íntima ao reconstruír as súas lembranzas de xuventude nas rúas de París nos anos 70, un relato de educación sentimental, o corazón e corpos perdidos, unha historia íntima tanto como a aventura dunha xeración. Filmando a xeografía da cidade, o tempo superponse mesturando imaxes de viaxes, desde o descubrimento con vinte anos da contracultura americana e máis tarde a ditadura militar chilena, fotografías, correspondencias... Fragmentos dunha vida revelada para se reencontrar consigo propio e se acordar de todo.

François Caillat é, pois, un dos máis destacados documentalistas franceses actuais. Nos últimos quince anos filmou dez documentais para o cine e a televisión coa ausencia e o esquecemento, as pisadas, e máis amplamente a inscrición sensible do pasado no noso devir cotián como eixos. De formación filosófica, Caillat achégase a cuestións máis teóricas (*L’Homme qui écoute*, 1998, e *Naissance de la parole*, 2000) ou a dirixir para a televisión retratos de intelectuais e escritores: *Peter Sloterdijk, un philosophe allemand* (2003), *Julia Kristeva, étrange étrangère* (2005) ou *J.M.G. Le Clézio, entre les mondes* (2008). A longametraxe cinematográfica *Bienvenue à Bataville*, fábula sobre a felicidade obrigatoria no século XX, foi estreada en Francia en 2008. Ademais, Caillat dirixe a colección «Cinéma documentaire» (publicación de debates, textos críticos e guiños) na editorial *L’Harmattan* e participa en varias asociacións destinadas a promover os documentais franceses e estranxeiros (Collectif Gulliver, Association des Cinéastes Documentaristes ADDOC, Documentaire Sur Grand Ecran).

FREAKEMACINE

En colaboración con Freakemacine. Festival de Sci-fi e Fantástico (A Coruña).

Cuarta edición dun festival especializado, Freakemacine, certame de cine de ciencia-ficción, terror e fantástico organizado na cidade de A Coruña. Desta vez, un dos seus centros de atención esenciais pasa pola recuperación de clásicos do cine español, fundamentalmente aquel radicado na rica década dos 70. Aproveitamos para recuperarmos títulos de terror ou fantásticos de culto como *Pánico en el Transiberiano* (1972) de Eugenio Martín, exitosa mestura de ciencia-ficción e terror con reparto de luxo —que inclúe a Christopher Lee, Peter Cushing ou Telly Savalas— e boas cifras de recadación polo mundo adiante; a fábula apocalíptica madura nos vieiros do universo zombi de *No profanar el sueño de los muertos* (1974) de Jorge Grau, ao tempo que se homenaxea á emblemática parella formada por Jesús Franco (Madrid, 1930) e a súa actriz e compañeira, recentemente falecida, Lina Romay (1954-2012). A proxección de dous dos filmes máis relevantes da súa

filmografía, *Necronomicón* (1967), copia en versión orixinal inglesa xentileza de Filmoteca Española, de préstamo restrinxido e laboriosa procura, e *La condesa negra* (1973), unha das mellores creacións de Romay, acreditan a importancia do cine do gañador do Goya de Honra en 2009.

As curtametraxes propias do festival (sesións do venres), a sesión galega, constituída pola curtametraxe *DSM4* (2012) de Tropa Korriban Star Wars Galicia e a longametraxe de Javier Camino, *Maldito bastardo* (2008), máis senllos documentais como tributo ás figuras do actor Víctor Israel e mais do director e actor Paul Naschy (*El hombre que vió llorar a Frankenstein*) completan esta singular e robusta proposta moi capaz de transitar unha parte substancial da historia do cine español de xénero.

Agradecementos: Jesús Franco, Marta Paz, Tonecho Otero, David Pizarro, Diego López, Ángel Agudo, Cristina Bernáldez, Filmoteca Española, Fernando Riera, Vídeo Mercury, Antonio Mayans, Enrique Mesa, Tropa Korriban Star Wars Galicia, Javier Camino.

ROBERT GUÉDIGUIAN:

En colaboración coa Alianza Francesa da Coruña.

Robert Guédiguian (Marsella, 1953) é un cineasta europeo empeñado —desde os primeiros anos 80— na coherente dignificación dun cinema político: relatos comprometidos, marcados tanto por certas constantes estilísticas como pola súa capacidade, vernices e implicacións sociopolíticas e históricas. Despois dunha traxectoria de éxito e ata popular, Guédiguian recibe Premios do cine europeo, o Louis Delluc ou o Lumière, ten presenza en Cannes ou conta con galardóns, no caso español, en San Sebastián ou Valladolid. Tal e como indica Charles Tesson, xa en 1998, os seus protagonistas pelexan por “devolver ao mundo obreiro un orgullo cinematográfico, unha dignidade perdida, e reencontrar de paso os acentos auténticos dun cine popular sen populismo”.

Cunha tropa de colaboradores fixa, a rica influencia do teatro, a hábil amálgama de comedia e melodrama con elementos sempre estilizados, os heroes proletarios de Guédiguian van adquirir predicamento especialmente a partir de *Marius y Jeannette* (1998), César á mellor actriz para a súa habitual e compañeira na vida real, Ariane Ascaride.

O CGAI presenta unha escolma de sete dos seus filmes, incluíndo a recente *Las nieves del Kilimanjaro* (2011).

OFF GALICIA

Prosegue esta sección dedicada á estrea e difusión de material audiovisual galego. Dous dos grandes títulos recentes que experimentan coa linguaxe fílmica, *La brecha* (2012) de Marcos Nine, mostra dun proceso creativo presente no prestixioso BAFICI de Buenos Aires, e o itinerario persoal e iconoclasta de Alberte Pagán en *A pedra do lobo* (2010), un traballo que, despois da retrospectiva que lle dedicou a III Mostra de Cinema Periférico S8, permite ao CGAI continuar completando a súa filmografía. A vertente etnográfica de *Em companhia da morte* (2012), prolongación natural do traballo de recollida da identidade e os elementos tradicionais por parte de Vanessa Vilaverde, Eduardo Maragoto e João Avelado en *Entre linguas* convive coas curtametraxes estimulantes e (auto)reflexivas de Guillermo Arias-Carbajal, autor de pezas xa proxectadas na filmoteca, como *Del mismo Oslo* ou *El poema el cuadro el disco*.

Agradecementos: Ximena Losada, Vanessa Vilaverde, João Avelado, Eduardo Maragoto, Marcos Nine, Rodrigo Losada, Guillermo Arias-Carbajal, Teresa Pérez Rey, Susi Somoza, Alberte Pagán.



MARTES

setembro 18.00 e 20.30 h
18 Cine italiano
Giulia non esce la sera
 Giuseppe Piccioni, 2009.
 105'. Subt. castelán.

MÉRCORES

setembro 18.00 e 20.30 h
19 Cine italiano
Lo spazio bianco
 Francesca Comencini, 2009.
 98'. Subt. castelán.

XOVES

setembro 18.00 e 20.30 h
20 Cine italiano
La rivincita di natale
 Pupi Avati, 2004. 99'. Subt.
 castelán.

VENRES

setembro 18.00 e 20.30 h
21 Cine italiano
L'aria salata
 Alessandro Angelini, 2006.
 85'. Vídeo. Subt. castelán.

SÁBADO

setembro 18.00 horas
22 Off Galicia:
Em companhia da morte
 Vanessa Vilaverde, João Aveledo e Eduardo Maragoto, 2012.
 29'. Vídeo. Presentación a cargo dos seus autores.
 Entrada de balde.

setembro 18.00 horas
25 Freakemacine
Los perversos rostros de Víctor Israel
 David Pizarro e Diego López, 2010. 58'. Vídeo.
 Entrada de balde.

20.30 horas
 Freakemacine
Pánico en el Transiberiano
 Eugenio Martín, 1972. 90'.
 Entrada de balde.

setembro 18.00 horas
26 Freakemacine
El hombre que vió llorar a Frankenstein
 Ángel Agudo, 2010. 74'.
 Vídeo. Entrada de balde.

20.30 horas
 Freakemacine
No profanar el sueño de los muertos
 Jorge Grau, 1974.
 89'. Vídeo. Entrada de balde.

setembro 18.00 horas
27 Freakemacine
Necronomicon
 Jesús Franco, 1967. 81'.
 Entrada de balde.

20.30 horas
 Freakemacine
La condesa negra
 Jesús Franco, 1973. 86'. Ví-
 deo. Subt. castelán. Entrada
 de balde.

setembro 18.00 horas
28 Freakemacine
Sesión curtametraxes Festival 1
 Vídeo. Entrada de balde.

20.30 horas
 Freakemacine
Sesión curtametraxes Festival 2
 Vídeo. Entrada de balde.

setembro 18.00 horas
29 Off Galicia:
Freakemacine Crisis en DSM4
 (Daniel González, 2012)
Maldito bastardo
 (Javier Camino, 2008)
 90'. Vídeo. Presentación
 a cargo dos seus autores.
 Entrada de balde.

outubro 18.00 e 20.30 h
02 Cine italiano
Cosmonauta
 Susanna Nicchiarelli, 2008.
 85'. Subt. castelán

outubro 18.00 e 20.30 h
03 Cine italiano
Alza la testa
 Alessandro Angelini, 2010.
 86'. Subt. castelán.

outubro 18.00 horas
04 Cine italiano
Sono stati loro
 Guido Chiesa, 2003. 50'.
 Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
 Fóra de serie
Positive generation
 David Trueba, 2012. 49'.
 Vídeo. Presentación. Entrada
 de balde.

outubro 18.00 e 20.30 h
05 Cine italiano
Gorbacióf
 Stefano Incerti, 2010. 85'.
 Subt. castelán.



outubro 18.00 horas
06 Off Galicia:
La brecha
 Marcos Nine, 2012. 86'.
 Vídeo. Presentación a cargo
 do seu autor. Entrada de
 balde.

outubro 18.00 e 20.30 h.
09 Cine italiano
20 sigarette
 Aureliano Amadei, 2010. 94'.
 Subt. castelán.

outubro 18.00 e 20.30 h.
10 Cine italiano
Bellissime
 Giovanna Galiardo, 2004.
 125'. Vídeo. Subt. castelán.

outubro 18.00 e 20.30 h.
11 Robert Guédiguian
Marius y Jeannette
 (1997)
 102'. Subt. castelán.

outubro 18.00 horas
13 Off Galicia: Guiller-
 mo Arias-Carbajal
...lipsis (2011)
Suicidio lamprea (2012)
 33'. Vídeo/DCP. Presenta-
 ción a cargo do seu autor.
 Entrada de balde.

outubro 18.00 e 20.30 h
16 Robert Guédiguian
¡Al ataque! (2000)
 90'. Subt. castelán.

outubro 18.00 e 20.30 h
17 Robert Guédiguian
La ciudad está tranquila (2000)
 133'. Subt. castelán.

outubro 18.00 e 20.30 h
18 Robert Guédiguian
Marie-Jo y sus dos amores (2002)
 124'. Subt. castelán.

outubro 18.00 e 20.30 h
19 Robert Guédiguian
Mi padre es ingeniero (2004)
 108'. Subt. castelán.

outubro 18.00 horas
20 CGAI Júnior
El castillo en el cielo
 Hayao Miyazaki, 1986. 124'.
 Vídeo. Entrada de balde.

outubro 18.00 e 20.30 h
23 Robert Guédiguian
Lady Jane (2008)
 104'. Subt. castelán.

outubro 18.00 e 20.30 h
24 Robert Guédiguian
Las nieves del Kilimanjaro (2011)
 107'. Subt. castelán.

outubro 18.00 horas
25 Carta blanca
Odessa... Odessa
 Michale Boganim, 2005. 96'.
 Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
 François Caillat
La quatrième génération
 (1997)
 80'. Vídeo. Subt. castelán

outubro 18.00 horas
26 Carta blanca
La terre des âmes errantes
 Rithy Panh, 2000. 100'.
 Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
 François Caillat
Trois soldats allemands
 (2001)
 75'. Vídeo. Subt. castelán.

outubro 18.00 horas
27 Off Galicia
A pedra do lobo
 Alberte Pagán, 2010.
 111'. Vídeo. Presentación
 polo seu autor. Entrada de
 balde.

outubro 18.00 horas
30 Carta blanca
Nostalgia de la luz
 Patricio Guzmán, 2010. 90'.
 Vídeo.

20.30 horas
 François Caillat
L'affaire Valérie (2004)
 73'. Vídeo. Subt. castelán.

outubro 18.00 horas
31 Carta blanca
Le cercle des noyés
 (Pierre-Yves Vandeweerdt,
 2007)
L'heure du Berger
 (Pierre Creton, 2008)
 110'. Vídeo. Subt. castelán.


20.30 horas
 François Caillat
Une jeunesse amoureuse
 (2011)
 113'. Vídeo. Subt. castelán.



CGAI  CENTRO GALEGO
 DE ARTES DA IMAXE
 FILMOTECA
 DE GALICIA

Programación | 218 |
setembro
outubro | 2012 |

Información xeral
 Todos os filmes se proxectan
 en versión orixinal, agás
 indicación contraria.
 A duración das películas é
 orientativa e aproximada.
 Esta programación pódese
 ver alterada por razóns
 alleas á nosa vontade.
 Unha vez iniciada a sesión
 non se permitirá a entrada á
 sala de proxeccións.
 As sesións de Capacidade
 Limitada teñen reservadas
 un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas
 con  sofren modificacións
 sobre os horarios habituais.

Prezo da entrada
 • Xeral: 1'20 €
 • Carné Xove: 0'60 €
 • Aboamento para 10
 sesións: 9 €
 • As sesións de Entrada
 Gratuíta notificaranse no
 programa.

A venda de entradas
 iniciárase 15 minutos antes

de comezar a sesión (non
 se venden entradas por
 anticipado).
 Só se venderán un máximo
 de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
 CGAI. Durán Loriga, 10
 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
 Fax: 881 881 271
 E-mail:
 programacion@cgai.org
 documentacion@cgai.org

Subtitulado en galego
 Subtitula'm S.L.

Información adicional
 www.cgai.org

 XUNTA
 DE GALICIA

